

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 26 DE MAIO DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e seis de maio de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

oito horas corenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 18 de maio de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Ganadería Caselas S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 14 de xuño de 2022 (RE-E núm. 283), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GANADERÍA CASELAS S.C.
---------------------	------------------------

CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE CARBOENTES, PARROQUIA DE CARBOENTES
REPRESENTANTE	CONCEPCIÓN CARRAL FERNÁNDEZ
DNI	██████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	NAVE PARA EXPLOTACIÓN DE POLOS
REFERENCIA CATASTRAL PARCELA	36047A114005600000LA
LUGAR	CARBOENTES
PARROQUIA	CARBOENTES
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DO 15/10/19)
TRÁMITE AMBIENTAL	SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATA 10/09/19 – EXPTE. NÚM. ██████████)
REGA	██████████
CAPACIDADE MÁXIMA AUTORIZADA	40.060 POLOS

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Don Eladio López Montes en data 13/06/22 (visado colexial núm. ██████████), e anexo complementario de data 09/03/23 (visado colexial núm. ██████████).
- Acta de comprobación favorable de data 12/05/23.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Aprobar a liquidación complementaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por mor do incremento do orzamento da obra, pola cantidade de CENTO VINTE E SETE EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (127,77 €).

Sétimo.- Aprobar a liquidación complementaria da Taxa por licenzas urbanísticas, por mor do incremento do orzamento da obra, pola cantidade de TRINTA E UN EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (31,94 €).

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

### 3.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DO INTERESADO

—José Manuel Sánchez Díaz

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (██████████) iniciado a instancia de parte:

- Solicitud de licenza urbanística para REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR, no lugar de Guillar, parroquia de Guillar, instada por Don JOSÉ MANUEL SÁNCHEZ DÍAZ, con data 8 de febreiro de 2023 (RE-E núm. 88), de conformidade co proxecto técnico básico redactado pola arquitecta Dona María L. Iglesias Fernández.

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado polo promotor, con data 22 de maio de 2023 (RE núm. 315).

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistido a JOSÉ MANUEL SÁNCHEZ DÍAZ do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

#### **4.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO DE LIMPADORA AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA**

De conformidade coas Bases e Baremo aprobados por este órgano na sesión celebrada o pasado día 12 de maio do corrente, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado (RS núm. 344, do 15/05/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte candidata:

Limpadora (oferta núm. [REDACTED])

— Carreira Varela, Laura

De conformidade co establecido nas Bases aprobadas, concedeuse á candidata preselecciona un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no Baremo. Durante dito prazo, presentou a documentación a seguinte única candidata:

— Carreira Varela, Laura (RE núm. 852, do 25/05/23)

A continuación, a Xunta de Goberno Local procedeu á comprobación do cumprimento por parte da candidata presentada dos requisitos establecidos nas Bases, admitíndoa ao proceso selectivo.

Procedeuse deseguido á valoración dos méritos da candidata admitida, co seguinte resultado:

CANDIDATA	CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS	SITUACIÓN FAMILIAR	SITUACIÓN DESEMPREGO	TOTAL
Laura Carreira Varela	0	0	0	0,00

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal a tempo parcial (28,45 horas/semana), modalidade de mellora da ocupabilidade e da inserción

laboral, por un período de nove meses, da traballadora que deseguido se sinala:

Limpadora

NOME E APELIDOS	DNI
LAURA CARREIRA VARELA	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

**5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE (PROGRAMA DO PLAN CORRESPONSABLES NO ÁMBITO LOCAL)**

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Resolución do 20 de abril de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 87, do 08/05/23), e a conveniencia de solicitar a axuda para o desenvolvemento do programa denominado “*Concilia Rodeiro*”, que ten como obxectivo potenciar a conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais das unidades familiares con menores ao seu cargo, en idade de escolarización obrigatoria, durante as tardes do período lectivo (do 1 de febreiro ao 30 de setembro do corrente, ambos incluídos), así como en horario de mañá no período non lectivo de verán.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Secretaría Xeral da Igualdade unha subvención por importe de VINTE E OITO MIL DOUSCENTOS EUROS (28.200,00 €) para o desenvolvemento do programa “*Concilia Rodeiro*”, ao abeiro do Plan Corresponsables no ámbito local.

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva do programa para o que se solicita subvención, redactada polos servizos municipais, cun importe total, correspondente a custos directos de persoal, por importe de VINTE E OITO MIL DOUSCENTOS EUROS (28.200,00 €).

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente á educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez.

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

## ***6.- MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2023***

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 3 de marzo do corrente, solicitouse á Deputación Provincial unha subvención para o proxecto denominado “*EQUAL-CAMBA 2023*”, ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixida aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023 (BOP núm. 29, do 10/02/23). A axuda estaba destinada inicialmente para o financiamento de dous bloques de accións: “*Concilia Rodeiro verán 2023*” e “*As primeiras sementes da igualdade*”. Porén, por motivos de concorrencia de axudas entre diferentes administracións públicas, precisase substituír a actividade inicialmente prevista de “*Concilia Rodeiro verán 2023*”, por outra consistente nun campamento

de verán “*Tardes activas*”, a desenvolver nos meses de xullo e agosto en horario vespertino.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Substituír a actividade inicialmente solicitada denominada “*Concilia Rodeiro verán 2023*”, pola de campamento de verán “*Tardes activas*”.

Segundo.- Modificar o apartado primeiro do acordo adoptado por este órgano en data 03/03/23, substituíndo a súa redacción íntegra orixinal pola seguinte:

*“Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para o proxecto denominado “EQUAL-CAMBA 2023”, cun orzamento total por importe de NOVE MIL CATROCENTOS CATORCE EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (9.414,81 €), IVE incluído.”*

Terceiro.- Manter a vixencia dos restantes apartados do acordo orixinal.

## **7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 6 DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON**

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 6 correspondente á obra de “Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán”, incluída no Programa REACPON, por importe de DEZASETE MIL SEISCENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (17.676,06 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra VILARIÑO ESP S.L., por un importe de 17.676,06 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 0155 (FACe), de data 16/05/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

## **8.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS**

Vistos o orzamento presentado en data 18/05/23, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos pola concelleira-delegada de Servizos Sociais Dona María Dolores Somón Valladares, con data 25/05/23, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia Verán Rodeiro 2023*”, entre os días 22 de xuño e 7 de setembro do corrente, ambos inclusive, á sociedade GRUPO ACODE EDUCA S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de CATORCE MIL NOVECENTOS CINCUENTA EUROS (14.950,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

## **9.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL INDEFINIDO DO CONCELLO**

Con data 30 de decembro de 2022 (RE núm. 2047) Don José Albor González, traballador laboral indefinido do Concello coa categoría de peón de servizos diversos, presenta minuta asinada para o recoñecemento de oitenta (80) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante o ano 2022. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2023, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de oitenta (80) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de xuño de 2023.

## **10.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARCAXE DEZA S.L. 20,57 €  
Por subministro de material de oficina, s/factura núm. 23273 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 74,29 €  
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA73F0001134, TA73F0001152 e TA73F0001153 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 463,42 €  
Por seguro semestral do camión vello de recollida do lixo, s/factura núm. 75202319900020004528 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 82,06 €  
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de abril de 2023, s/factura núm. 23ZNX0084991 (FACe).
- RODOIL S.L. 173,36 €  
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de abril de 2023, s/factura núm. 2023/23000156 (FACe).
- RODOIL S.L. 77,48 €, 134,88 €, 112,20 € E 89,70 €  
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de abril de 2023, s/facturas núm. 2023/23000157, 2023/23000158, 2023/23000159 e 2023/23000160 (FACe).
- PATRICIA MARÍA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ 290,00 €  
Por realización da actividade “Gran xogo das letras galegas” dentro do programa “Ler conta moito”, s/factura núm. 2308 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 2.329,01 €  
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 004122095 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)